CONCELLO DE SANTIAGO

PLANEAMENTO E XESTIÓN URBANÍSTICA

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
**PARA O SINALAMENTO DE ALIÑACIÓNS NA N-525**
**TRAMO I. NÚCLEO DA SUSANA**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

SETEMBRO 2018

Este documento foi elaborado de oficio polo Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística do Concello de Santiago de Compostela. A súa autoría corresponde a Esther Sánchez Espiñeira, xefa da Sección de Planeamento, arquitecta-urbanista, pola Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña (1991)

**DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA**

# MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL PARA O SINALAMENTO DE ALIÑACIÓNS NA N-525. TRAMO I. NÚCLEO DA SUSANA

## MEMORIA

1. Antecedentes ..... 2
2. Obxecto e xustificación da Modificación puntual do PXOM ..... 4
3. Descrición da Modificación proposta ..... 5
   3.1. Aliñacións definidas no planeamento vixente ..... 5
   3.2. Descrición da modificación de aliñacións proposta ..... 8
4. Contido e alcance da Modificación puntual ..... 10

## ANEXOS

Anexo I. Acta da reunión que tivo lugar o 22 de marzo de 2013 entre técnicos do Concello e da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia
Anexo II. Resolución do Secretario de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda, do 8 de febreiro de 2016, mediante a cal se aproba definitivamente o expediente de modificación da liña límite de edificación no núcleo da Susana

## PLANOS

1. Situación
2. Emprazamento sobre ortofoto
3. Emprazamento sobre cartografía
4. Plano catastral
5. Delimitación da Ruta da Prata
6. Plan xeral vixente anterior á modificación
7. Ordenación resultante da modificación

## 1. ANTECEDENTES

O vixente Plan xeral de ordenación municipal de Santiago de Compostela (PXOM), aprobado mediante Ordes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 3 de outubro de 2007 e 1 de setembro de 2008, establece na súa disposición transitoria décimo sexta (DT 16ª) o seguinte:

> *LIÑAS DE EDIFICACIÓN NAS ESTRADAS DO ESTADO*
> *Nas estradas de competencia estatal N-550 e N-525 as determinacións referentes ás liñas de edificación contempladas no Plan xeral entenderanse como orientativas á espera da resolución definitiva do expediente de delimitación que desenvolva a regulación da excepcionalidade á que se refire o art. 25.2 da Lei 25/1988 de estradas; en tanto non se produza dita resolución tódalas actuacións estarán ao que resolvan as preceptivas autorizacións da administración de estradas.*

O precitado artigo 25 da Lei 25/1988, do 29 de xullo, *de estradas do Estado* foi substituído polo 33 da vixente *Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas*, que establece para as estradas convencionais e multicarril a liña límite de edificación a 25 metros dende a aresta exterior de explanación, se ben tamén prevé a posibilidade de que se poida autorizar polo Ministerio unha distancia inferior en zonas ou tramos perfectamente delimitados.

Pola súa banda, o artigo 85 do RD 1812/1994, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas, prevé a posibilidade de fixar unha liña límite de edificación inferior á establecida con carácter xeral, sempre que o permita o planeamento urbanístico correspondente, e co procedemento que regulamentariamente se estableza (artigo 85.1)

O procedemento aplicable atópase regulado no apartado 4 do artigo 85 do Regulamento, que contempla a aprobación provisional do estudo de delimitación pola Dirección Xeral de Estradas, o sometemento a información pública durante o prazo de trinta días, con audiencia das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais afectadas, e a aprobación definitiva polo Ministerio.

Perante a solicitude de diversas licenzas nos ámbitos das estradas nacionais N-550 e N-525, o Concello considerou oportuno iniciar os trámites para impulsar o expediente de delimitación ao que se refire a DT 16ª, optando por acometer a delimitación dos tramos urbanos das estradas N-525 e N-550, en expedientes separados e por tramos.

Con data 17 de outubro de 2011, o Concello de Santiago remitiu á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, o documento denominado *"Solicitude de estudo de*

*delimitación do tramo urbano e proposta de acta de aliñacións. Tramo da N-525 no núcleo urbano de A Susana"*, co obxecto de iniciar o procedemento regulado no artigo 85.4 do Regulamento de estradas.

En relación co citado documento seguíronse diversas consultas e reunións entre técnicos do Concello e da Demarcación, concluíndose por parte destes últimos unha proposta xenérica orientativa de 17,5 m de liña de edificación a contar do eixo da vía, tal e como se recolle na acta da reunión que tivo lugar o 22 de marzo de 2013, que se achega como anexo a este documento.

Con posterioridade a aquela reunión fíxose unha última consulta, manifestando os técnicos municipais o criterio de manter na zona cualificada como *solo urbano de núcleo rural de orixe* (ordenanza 11), a aliñación recollida no PXOM vixente, co obxecto de preservar a trama camiñeira e as edificacións de carácter tradicional existentes, que doutro xeito resultarían afectadas, manifestando, pola súa parte, o técnico de Fomento a dificultade de reducir a distancia indicada como orientativa na estrada N-525 nun punto de cruce viario.

Na citada reunión técnica indicouse, por outra banda, que a zona norte do tramo en estudo corresponde a unha variante da estrada nacional, executada ex novo, por expropiación, e que a dita variante non dá, nin pode dar, acceso ás parcelas que atravesa, que o teñen desde o trazado primitivo da estrada N-525, ou a través de camiños públicos existentes.

Non entanto o anterior, e a fin de dar cumprimento ao informe emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, sinalase tamén a aliñación desta variante, se ben só co caracter de aliñación de parcela, e non de soporte de nova edificación.

Como consecuencia dos antecedentes sinalados, tendo en conta os criterios expresados polos técnicos de Fomento relativos aos aspectos da súa competencia, os Servizos Técnicos Municipais elaboraron en abril de 2014 o proxecto de *Modificación puntual do PXOM para a fixación de aliñacións na estrada de titularidade estatal, no tramo de referencia (tramo I), correspondente ao núcleo da Susana.*

O antedito proxecto remitiuse con data 23 de abril de 2014 ao Ministerio de Fomento, para os efectos de que pola administración titular da estrada se iniciase o procedemento de delimitación regulado no artigo 85.4 do Regulamento da lei de estradas do Estado.

Previo o cumprimento dos trámites regulamentariamente esixidos, **con data 8 de febreiro de 2016 o secretario de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda**

**aprobou definitivamente o expediente de Modificación da liña límite de edificación** no núcleo de A Susana, N-525 entre os PP.KK 332+150 ao 332+471 na marxe esquerda (a 17,5 metros do eixo) e entre os PP.KK 332+150 ao 332+494 da marxe dereita (a 17,5 metros do eixo) e entre os PP.KK 332+471 ao 332+513 na marxe esquerda (variable entre 17,5 a 32,8 metros do eixo)




## 2. OBXECTO E XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM

Tal e como se deduce dos antecedentes expostos, o presente documento urbanístico ten por obxectivo establecer as aliñacións definitivas das parcelas que dan fronte á estrada de Ourense (N-525), de titularidade estatal, no tramo de solo urbano que se sinala nos planos, correspondente ao núcleo da Susana.

As ditas aliñacións defínense atendendo á excepcionalidade que para este tipo de solo prevé a normativa sectorial de estradas, e logo de obterse a resolución favorable da

Administración titular da estrada, segundo prevé a disposición transitoria 16ª do PXOM.
En consecuencia, a través da presente Modificación incorpórase ao Plan xeral o resultado do expediente de delimitación da liña de edificación que foi aprobado por Resolución do Secretario de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda do Ministerio de Fomento de data 8 de febreiro de 2016.

Por outra parte, non se pode obviar que a zona en estudo para a fixación definitiva de aliñacións atópase incluída no ámbito da *Delimitación da Ruta da Prata*, aprobada por Decreto 154/2013, do 5 de setembro, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Considérase que a presente Modificación é o instrumento urbanístico máis axeitado, de carácter territorial, que permite integrar as distintas visións desde as que se pode abordar o estudo das aliñacións e os distintos intereses públicos que conflúen no ámbito -o de protección do patrimonio cultural e o de seguridade viaria, principalmente- cuxa consideración queda garantida no propio trámite da Modificación puntual a través dos informes preceptivos e vinculantes das distintas administracións con competencia sectorial nas respectivas materias.

No Documento ambiental estratéxico remitido á trámite ambiental foron descritas as distintas alternativas de ordenación, sinalándose como preferente polo Concello a alternativa 3, na que se propoñía o mantemento da liña debuxada no PXOM hoxe vixente no tramo correspondente á zona da ordenanza 11.

A alternativa de ordenación sobre a que se elabora a presente proposta de modificación corresponde, porén, á alternativa 2 das definidas no documento ambiental, en tanto que é a que recolle a liña de edificación finalmente fixada pola resolución de data 8 de febreiro de 2016.

## 3. DESCRICIÓN DA MODIFICACIÓN PROPOSTA

### 3.1. As aliñacións do planeamento vixente

*Aliñacións grafitadas no PXOM vixente*

As aliñacións definidas no PXOM vixente, coas salvagardas especificadas na súa disposición transitoria décimo sexta, son as recollidas no seguinte plano.

No Plan xeral vixente establécese con carácter xeral a aliñación como unha liña paralela situada a 12,5 m medidos dende o eixo da vía, o que garante unha sección transversal do sistema viario de 25 m.

# MEMORIA

Nas zonas correspondentes á ordenanza 11 *-núcleo tradicional incorporado ao solo urbano-*, así como nunha edificación de carácter tradicional suxeita á ordenanza 6A, o PXOM vixente recolle as aliñacións das edificacións existentes, entendendo prevalente nese caso a protección da traza e a morfoloxía orixinal do núcleo, razón pola que se establece unha aliñación diferente da prevista no resto do tramo da estrada que se está a estudar.



*Aliñacións que resultan da aplicación das distancias xenéricas da Lei de estradas*

De acordo co contido da disposición transitoria 16ª, as ditas aliñacións teñen o carácter de orientativas, á espera da resolución definitiva do expediente de delimitación que desenvolva a regulación da excepcionalidade á que se refire a Lei de estradas, polo que en tanto non se produza a dita resolución tódalas actuacións estarán ao que resolvan as preceptivas autorizacións da Administración de estradas, que para o tipo de estrada que nos ocupa establece unha liña límite de edificación de 25 m. desde a aresta exterior da explanación. A aliñación que resultaría da aplicación xenérica destas distancias queda recollida no seguinte plano.



### 3.2. Descrición da modificación de aliñacións proposta

As aliñacións que se establecen no presente documento corresponden á alternativa de ordenación 2, seleccionada no Documento ambiental estratéxico, por ser a que recolle a liña de edificación sinalada polo Ministerio de Fomento no correspondente expediente de delimitación.



Distínguense no tramo da N-525 que se analiza dúas partes de natureza distinta:

- ***Tramo coincidente coa traza orixinal da estrada N-525***

Neste tramo proponse con carácter xeral unha aliñación situada a 17,5 m do eixe da estrada, o que garante unha sección total para o sistema viario público de 35 m entre aliñacións enfrontadas.

*Afección ao Camiño de Santiago: Ruta da Prata*

Aínda que a traza do Camiño da Ruta da Prata delimitada pola Consellería se separa cara ao oeste da estrada nacional N-525 xusto na entrada no termo municipal de Santiago, para volver a cruzala no linde norte do tramo en estudo, o certo é que a Ruta da Prata atravesa o núcleo da Susana, e que todo o tramo urbano para o que se pretende fixar a aliñación definitiva está incluído no ámbito delimitado.

Na proposta de aliñación incluída neste documento, que é a que se recolle no plano 7, seguindo o criterio avanzado polo técnico da Administración titular da estrada, non se contempla un tratamento diferencial para a zona cualificada como ordenanza 11 correspondente ao núcleo tradicional incorporado ao solo urbano.

Na documentación remitida ao Ministerio en abril de 2014, o Concello solicitou que se reconsiderase a distancia orientativa de 17,5 m neste ámbito concreto, atendendo ao criterio de conservar, na medida do posible, a traza orixinal do núcleo tradicional incorporado ao solo urbano, mantendo a aliñación das edificacións tradicionais existentes.

Nembargante, a Administración titular da estrada, a través do expediente que resultou definitivamente aprobado o 8 de febreiro de 2016, non admitiu distancias inferiores aos 17,50 m, polo que esta distancia límite é a que se establece tamén para o ámbito suxeito á aplicación da ordenanza 11.

- ***Tramo de desdobramento da N-525***

Neste tramo, a traza orixinal da N-525 foi desdobrada, creándose unha variante da estrada, que foi obtida por expropiación, e que non supón, pola súa propia natureza, unha vía de carácter urbano.

As aliñacións soporte de edificación fíxanse respecto da traza primitiva da estrada, que é a que serviu tradicionalmente de soporte á edificación e non desde a variante, que non dá acceso ás parcelas descritas en ningún caso, de acordo coa información facilitada polo técnico da Administración titular da estrada.

De acordo co anterior, a aliñación da variante estatal fíxase unicamente como límite de parcela, sen que poida dar soporte a nova edificación.

## 4. CONTIDO E ALCANCE DA MODIFICACIÓN PUNTUAL

A Modificación puntual do PXOM ten por obxecto fixar de xeito definitivo a aliñación no tramo da N-525 en estudo, que é a que se grafita, cunha liña vermella, no plano 7 deste documento.

Non se altera nin a clasificación do solo nin a ordenanza de aplicación, manténdose en todos os casos as ordenanzas xa previstas no PXOM vixente en cada parcela e, por suposto, todas as protecciónes e cautelas que se deriven da inclusión do ámbito na delimitación da Ruta da Prata, que vén de aprobarse.

As modificacións propostas, polo tanto, afectan unicamente aos planos do documento, sen que sexa necesario introducir ningunha modificación no seu texto normativo.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

A arquitecta, xefa da Sección de Planeamento

Asdo.: Esther Sánchez Espiñeira

# ANEXOS

**ANEXO I.** Acta da reunión que tivo lugar o 22 de marzo de 2013 entre técnicos do Concello e da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia

MINISTERIO DE
FOMENTO

CONCELLO DE SANTIAGO
REGISTRO XERAL
Data 30 AGO. 2013
ENTRADA
Hora ..... Núm 43419

DIRECCIÓN GENERAL
DE CARRETERAS

DEMARCACION
DE CARRETERAS
DEL ESTADO EN GALICIA

# O F I C I O

S/REF C:
N/REF C: **AYTO. Santiago** VT/cc
FECHA: A Coruña, 20 de agosto de 2013
ASUNTO: **MODIFICACION ALINEACIONES N-525 Y N-550**

**Sr Alcalde – presidente del**
**Concello de Santiago de Compostela**
**PLAZA DO OBRADOIRO**

**15705 SANTIAGO (A CORUÑA)**

CONCELLO DE SANTIAGO
Planeamento
Código
Data

Ministerio de Fomento
007079 27/08/2013
Demarcación Carreteras Galicia
REGISTRO DE SALIDA

ACTA DE LA REUNION CELEBRADA EL 22-3-2013

Reunidos en las dependencias de la Demarcación de carreteras del Estado en Galicia se trató entre otros Asuntos la propuesta de modificación de alineaciones en la carretera N-525 en el lugar de A Susana y en la N-550 en el lugar de O Vintecatro- A Polveira.

En la Disposición Transitoria Decimosexta del PGOM, "Líneas de edificación en las carreteras del Estado" se Indicaba: *"..las determinaciones referentes a las líneas de edificación contempladas en el Plan General, se entenderán como ORIENTATIVAS a la espera de resolución.."*

El Ayuntamiento ha solicitado reducir la línea límite de edificación genérica a la representada en planos del PGOM. Aporta Informe municipal justificando el carácter urbano de los tramos para los que se pide modificar las alineaciones, así como las razones geográficas o socioeconómicas que se considere oportuno.

Las carreteras N-525 y N-550 tienen una alta IMD (10.000 vehículos la primera y 17.000 la segunda) pese a la existencia de alternativa por autopista de peaje.

Con las alineaciones actuales, se han computado en la N-525 a cinco edificaciones que quedarían en situación de "fuera de ordenación", con distinto grado de incompatibilidad con las determinaciones del planeamiento, en las que en todo caso pueden autorizarse obras de conservación.

CORREO ELECTRONICO:
demarcacion.galicia@fomento.es

ANTONIO MACHADO, 45
15071 A CORUÑA.
TEL: 981 28 82 00
FAX: 981 29 07 00

En la N-550 se computaron más de 20 edificaciones afectados por la situación de "fuera de ordenación".

Las alineaciones propuestas por el Ayuntamiento impiden el realizar en el futuro la ampliación de la plataforma de las carreteras afectadas, sin incurrir en elevados costes de expropiación, perjuicios para los afectados y necesidad de modificar el PGOM.

En atención a cuanto antecede, se le propuso al Ayuntamiento que analizara la posibilidad de modificar la propuesta inicial, para poder consensuar una reducción de alineaciones que compatibilice la demanda urbanística con las necesidades de la carretera, para ello se le propuso como distancia orientativa 17,50 metros al eje.

EL JEFE DE SECCIÓN

FDO: VALERO TELLO MILAGRO

EL JEFE DEL SERVICIO
DE CONSERVACIÓN Y EXPLOTACIÓN

Fdo.: D. Eduardo Toba Blanco

V.º B.º
EL JEFE DE LA DEMARCACIÓN

Fdo: D. Ángel González del Río

**ANEXO II.** Resolución do Secretario de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda, do 8 de febreiro de 2016, mediante a cal se aproba definitivamente o expediente de modificación da liña límite de edificación no núcleo da Susana

MINISTERIO
DE FOMENTO

Ministerio de Fomento
- 5 ABR. 2016
Dirección General de Carreteras
Subdirección General de Explotación y Gestión de Red
SALIDA 2028

SECRETARÍA DE INFRAESTRUCTURAS, TRANSPORTE Y VIVIENDA

SECRETARÍA GENERAL DE INFRAESTRUCTURAS

DIRECCIÓN GENERAL DE CARRETERAS

SUBDIRECCIÓN GENERAL DE EXPLOTACIÓN Y GESTIÓN DE RED

O F I C I O

N/REF: LLE-5-C-2014 RIL

S/REF.:

EXPDTE.:

FECHA: 4 de abril de 2016

**DEMARCACIÓN DE CARRETERAS DEL ESTADO EN GALICIA**
C/ Antonio Machado, 45
15071 LA CORUÑA

Ministerio de Fomento
003656 08/04/2016
Demarcación Carreteras Galicia
REGISTRO DE ENTRADA

**N/REF.: LLE-5-C-2014**

**ASUNTO:** Solicitud de revisión de informe remitido en julio de 2014 por la Dirección General de Carreteras en relación con la *propuesta de modificación de la línea límite de edificación (LLE) en el núcleo A Susana del Ayuntamiento de Santiago.*

**INTERESADO:** Concello de Santiago

Con fecha 8 de febrero de 2016 el Secretario de Estado de Infraestructuras, Transporte y Vivienda ha resuelto:

**Aprobar** el expediente de información pública y definitivamente el *de modificación de la línea límite de edificación propuesta en la Modificación Puntual del Plan General de Ordenación Municipal del Concello de Santiago (abril 2014) en el núcleo de A Susana, N-525 entre los PP.KK. 332+150 al 332+471 en la margen izquierda* (a 17,5metros del eje) *y entre los PP.KK. 332+150 al 332+494 de la margen derecha* (a 17,5metros del eje) *y entre los PP.KK. 332+471 al 332+513 en la margen izquierda* (variable entre 17,5 a 32,8 metros del eje)

Lo que se comunica para su conocimiento y efectos, **con el ruego de traslado al interesado.**

Sirio Ayto Santiago
- Sr Tiba
- Sr Prego

EL INGENIERO DE CAMINOS, CANALES
Y PUERTOS DEL ESTADO.

Fdo.: Rosa María Izquierdo López

**NOTA**: este traslado sustituye al del mismo asunto con fecha de salida de la Subdirección de Explotación y Gestión de Red de 31 de marzo de 2016.



PASEO DE LA CASTELLANA, 67
28071 MADRID

# PLANOS

1. Situación
2. Emprazamento sobre ortofoto
3. Emprazamento sobre cartografía
4. Plano catastral
5. Delimitación da Ruta da Prata
6. Plan xeral vixente anterior á modificación
7. Ordenación resultante da modificación

CONCELLO DE SANTIAGO

PLANEAMENTO E XESTIÓN

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL PARA O SINALAMENTO DE ALIÑACIÓNS NA N-525. TRAMO I. A SUSANA

ARQUITECTA: ESTHER SANCHEZ ESPINEIRA

SITUACIÓN

DEBUXADO: C. CONDE

DATA: SETEMBRO 2018

ESCALA: 1:10000

Nº PLANO: 1



CONCELLO DE SANTIAGO

PLANEAMENTO E XESTIÓN

# DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

## MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL PARA O SINALAMENTO DE ALIÑACIÓNS NA N-525. TRAMO I. A SUSANA

ARQUITECTA: ESTHER SÁNCHEZ ESPIÑEIRA

EMPRAZAMENTO SOBRE ORTOFOTO

| | |
|---|---|
| DEBUXADO | C. CONDE |
| DATA | SETEMBRO 2018 |
| ESCALA | 1:2000 |
| Nº PLANO | 2 |

CONCELLO DE SANTIAGO

PLANEAMENTO E XESTIÓN

# DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

## MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL PARA O SINALAMENTO DE ALIÑACIÓNS NA N-525. TRAMO I. A SUSANA

ARQUITECTA: ESTHER SANCHEZ ESPIÑEIRA

EMPRAZAMENTO SOBRE CARTOGRAFÍA

| | |
|---|---|
| DEBUXADO | C. CONDE |
| DATA | SETEMBRO 2018 |
| ESCALA | 1:2000 |
| Nº PLANO | 3 |




CONCELLO DE SANTIAGO

PLANEAMENTO E XESTIÓN

# DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

## MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL PARA O SINALAMENTO DE ALIÑACIÓNS NA N-525. TRAMO I. A SUSANA

ARQUITECTA: ESTHER SÁNCHEZ ESPIÑEIRA

PLANO CATASTRAL

DEBUXADO: C. CONDE

DATA: SETEMBRO 2018

ESCALA: 1:2000

Nº PLANO: 4




Ámbito do Camiño da Prata

Trazado do Camiño da Prata

CONCELLO DE SANTIAGO

PLANEAMENTO E XESTIÓN

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL PARA O SINALAMENTO DE ALIÑACIÓNS NA N-525. TRAMO I. A SUSANA

ARQUITECTA: ESTHER SÁNCHEZ ESPIÑEIRA

DELIMITACIÓN DA RUTA DA PRATA

DEBUXADO: C. CONDE

DATA: SETEMBRO 2018

ESCALA: 1:2000

Nº PLANO: 5




| | | | |
|---|---|---|---|
| CONCELLO DE SANTIAGO<br>PLANEAMENTO E XESTIÓN | DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA<br>MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL PARA O SINALAMENTO DE ALIÑACIÓNS NA N-525. TRAMO I. A SUSANA | DEBUXADO<br>C. CONDE | |
| | | DATA<br>SETEMBRO 2018 | |
| ARQUITECTA:<br>ESTHER SANCHEZ ESPIÑEIRA | PLAN XERAL VIXENTE<br>ANTERIOR Á MODIFICACIÓN | ESCALA<br>1:2000 | |
| | | Nº PLANO<br>6 | |




ALIÑACIÓNS

SOPORTE DE EDIFICACIÓN

DE PARCELA

CONCELLO DE SANTIAGO

PLANEAMENTO E XESTIÓN

# DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

## MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL PARA O SINALAMENTO DE ALIÑACIÓNS NA N-525. TRAMO I. A SUSANA

ARQUITECTA: ESTHER SANCHEZ ESPIÑEIRA

ORDENACIÓN RESULTANTE DA MODIFICACIÓN

| | |
|---|---|
| DEBUXADO | C. CONDE |
| DATA | SETEMBRO 2018 |
| ESCALA | 1:2000 |
| Nº PLANO | 7 |